

DEREITOS HUMANOS

• Introducción

Os dereitos humanos son aqueles que o home posee polo mero feito de serlo. Proclámanse sagrados, imprescriptibles e fora do alcance de calquera poder político.

• Breve panorámica histórica

Os dereitos humanos establecéronse no Dereito internacional a partir da II Guerra Mundial, trala súa conclusión, elaboráronse numerosos documentos destinados a numeralos, propiciar a súa protección, declarar a súa importancia e a necesidade de respectalos. En primeiro lugar, hai que citar a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, aprobada polas Nacións Unidas o 10 de decembro de 1.948, que distingue entre os dereitos relativos a existencia mesma da persoa e os relativos a súa protección e seguridade, á vida política, social e xurídica da mesma, e os dereitos de contido económico e social. Son, asimesmo, relevantes: a Declaración de Dereitos do Neno, a Convención sobre os Dereitos Políticos da Muller e o Pacto de Dereitos Cívís e Políticos. No ámbito europeo, cabe destacar a Convención Europea para a Protección dos Dereitos Humanos e as Libertades Fundamentais, nacida no seno do Consello de Europa, e que chegado o caso, para proceder ó exame e a resolución de conflitos relacionados coa vulneración dos dereitos e liberdades concebidos na Convención.

• Evolución das declaracións dos dereitos

Podense diferenciar tres fases neste proceso. A declaración de dereitos nace, por regra xeral, como un conxunto de teorías filosóficas. Son universais polo que ó contido respecta e porque se refiren a calquera home, son sobre todo moi limitadas no que a eficacia se refire, ó ser propostas para futuras e hipotéticas leis. Máis tarde e en algunhas ocasións, as declaracións de dereitos chegan a plasmarse nalgunhas constitucións, co cal ganan en concreción o que perden en universalidade. Quedando protexidos como verdadeiros dereitos subxectivos, pero so no ámbito do estado que os reconece de forma efectiva. Non son así en consecuencia, dereitos do home, senon do cidadán, é dicir dereitos do home en canto que dereitos do cidadán de un Estado concreto. Coa declaración Universal de Dereitos Humanos de 1.948 comezou unha terceira fase donde a afirmación dos citados dereitos quereuse a un tempo universal e positiva. Universal, porque os destinatarios son todos os homes e mulleres en non so os cidadáns dun ou outro estado. Positiva, porque enténdese que emprende un proceso, concluído o cal os dereitos humanos non so serán proclamados, senón protexidos dun modo material, incluso contra o propio estado que os viole.

DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS HUMANOS

É unha resolución adoptada por unanimidade en decembro de 1.948 pola Asamblea Xeral da Organización das Nacións Unidas (ONU). O obxectivo desta declaración é promover e potenciar o respecto polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais. Dita declaración proclama os dereitos persoais, cívís, políticos, económicos, sociais e culturais do home, así como os requisitos de moralidade, orden público e benestar xeral. Entre os dereitos citados pola Declaración encóntranse o dereito a vida, a liberdade, a seguridade persoal; a non ser vítima dunha detención arbitraria; a un proceso xudicial xusto; a presunción da inocencia hasta que non se demostre o contrario; a non invasión da vida privada e a da correspondencia persoal; a liberdade de movemento e residencia; ó asilo político; á nacionalidade; á propiedade; á liberdade de pensamento e de conciencia, de relixión, de opinión e de expresión; a asociarse, a formar unha asamblea pacífica e a participación no goberno, a seguridade social, ó traballo, ó descanso e a un nivel de vida adecuado para a saúde e o benestar; á educación e a participación na vida social da súa comunidade.

En 1.955 a Asamblea Xeral autorizou dous pactos de Dereitos Humanos, un relativo os dereitos civís e políticos e o outro os dereitos económicos, sociais e culturais. Ambos pactos entraron en vigor en xaneiro de 1.966, tras unha larga loita para que foran ratificados.

TEMAS DOS DEREITOS HUMANOS

A ONU tratou diversos temas dentro dos dereitos humanos. Dentro das esferas máis notorias podemos mencionar as seguintes.

Racismo: A ONU eliminou todas as formas de discriminación racial. Esta declaración reafirma que a discriminación entre os seres humanos por motivo de raza, cor ou orixe étnico é unha violación dos dereitos humanos e un obstáculo ás relacións amistosas e pacíficas entre as nacións e os pobos. Tamén se nomeou un relator especial sobre as formas contemporáneas do racismo, discriminación racial, xenofobia e formas conexas de intolerancia, para examinar incidentes en todo o mundo relacionados co racismo. A continuación nomeamos sistemas de discriminación:

Apartheid: Este era un sistema de segregación e discriminación imposto polo Goberno sudafricano. As nacións Unidas empezaron a realizar esforzos a nivel internacional para acabar con este crime. Por medio de diversas presións logrouse a desaparición do sistema apartheid en 1994.

Poboacións indíxenas: Estiveron sometidas a opresión. Reuníuse un Grupo de Traballo para promover os dereitos destas poboacións chegando a facer que a ONU fixese unha declaración sobre os seus dereitos. As organizacións da ONU dirixen programas destinados a mellorar a saúde e a alfabetización dos indíxenas, así como para evitar o deterioro ambiental das terras nativas destes grupos.

Persoas con discapacidade: Xeralmente os discapacitados négaselle a posibilidade de educación ou de desenvolvemento profesional, exclúelles da vida cultural e as relacións sociais normais, ingrésaselle innecesariamente en institucións e teñen acceso restrinxido a edificios públicos e o transporte debido as súas limitacións físicas. Os discapacitados encóntranse en desvantaxe xurídica, xa que non contan con un documento oficial único que enumere os seus dereitos, se non que están dispersos nunha serie de dictames xudiciais. Debido a que a pesar dos esforzos das Nacións Unidas en pro da igualdade de oportunidades os discapacitados seguían sendo discriminados, A Asamblea adoptou en 1991 os Principios para a Protección dos enfermos mentais e o melloramento da atención da saúde mental.

Persoas infectadas co VHI SIDA: as Nacións Unidas manteñen a prioridade de que as persoas infectadas con VIH SIDA contén co pleno respecto sobre os dereitos humanos especialmente que se coiden co non relativo co proceso non equitativo respecto a servizos de saúde, maternidade e planificación familiar.

Persoas adultas maiores: este sector da poboación está aumentando considerablemente debido o aumento das expectativas da vida e a diminución das taxas da fecundidade por tanto é necesario que a sociedade esté consciente de dar as persoas adultas maiores asistencia a saúde, nutrición, ingreso...

Persoas pertencentes a minorías relixiosas, étnicas ou lingüísticas: En casi todos os países existen grupo que son distintos a maioría da poboación xa que teñen as súas propias características relixiosas, étnicas ou lingüísticas. Ambos grupos constantemente teñen relación difíciles marcadas polo odio, a discriminación e pola violencia. Debido a isto a ONU dalle os mesmos dereitos as minorías o igual cos outros grupos e reafirma o dereitos de toda as minorías a:

- Disfrutar da súa propia cultura
- Profesar e practicar a súa propia relixión
- Utilizar a súa fala ou idioma
- Establecer e manter contactos con membros do seu grupo

- Deixar calquer país incluído o propio e regresar a el

Muller: A igualdade da muller foi un tema central na labor das nacións unidas desde a súa fundación xa que respecto os dereitos humanos non tera universalidade mentras non se respecten os dereitos da muller que busca aumentar a participación activa e en plan da igualdade da muller no desenvolvemento.

Nenos: Este grupo é especialmente vulnerable no maltrato, malnutrición, explotacións e conflitos armados polo que a ONU traballou no tema constantemente. O alto comisionado de dereitos humanos nomeou diversos relatores para examinar a cuestión das repercusións dos conflitos armados e a cuestión de venda dos nenos, prostitución infantil e a utilización dos nenos en pornografía e a adopcións con fin comerciais por citar algúns.

Dereitos dos traballadores: A organización internacional do traballo (OIT) é un dos principais órganos que velan polos dereitos humanos dos traballadores. Establecéronse normas internacionais e recomendación entre os que figuran os relativos ó traballo forzoso a liberdade sindical, a igualdade de remuneración, a discriminación sobre a idade mínima.

- Traballadores migratorios: Debido o escenso da migración con fins laborais protección dos dereitos de todos os traballadores migratorios e os seus familiares. Esta convención dispón entre outras cousas que é ilegal expulsar colectivamente os traballadores migratorios ou destruír os seus DNI, pasaportes e permisos de traballo; os traballadores migratorios teñen os mesmos dereitos que os nacionais no relativo a remuneración, beneficios sociais, atención médica, sindicación e a transferir as súas ganancias, aforros e posesión persoais en caso de concluír o seu emprego; os fillos dos traballadores migratorios teñen dereito a inscrición de nacemento, de nacionalidade e a escola.

Escravidade trata de persoas e prácticas similares: No marco da ONU traballouse para reprimir a venda de persoas xa sexa para o traballo ou para utilízalas na prostitución. Así mesmo búscase a abolición do traballo forzoso que teña condicións similares a escravitude.

Dereito ao desenvolvemento e a democracia: A ONU considera que a miseria absoluta e o subdesenvolvemento afectan o disfrute dos dereitos humanos. As nacións unidas buscan que todos os individuos podan facer valer os seus dereitos o voto, a educación, a saúde e a liberdade de expresión. Asemosmo búscase mellorar os factores que logran o disfrute total dos dereitos humanos tales como o desenvolvemento económico e social a relación do intercambio equitativo e o alivio da deuda.

A EDUCACIÓN E A PREVENCIÓN DE VIOLACIÓNS DOS DEREITOS HUMANOS

A ONU non só se dedica a solucionar problemas dos dereitos humanos, senon que tamén se dedica a previlos por medio da asistencia técnica. Esta asistencia ofréceselle ós gobernos nos seguintes ámbitos:

- Reforma das leis nacionais
- Apoio a democratización e asesoramento en relación cos procedementos electorais.
- Asistencia na redacción das leis nacionais e preparación dos informes nacionais.
- Fortalecemento das institucións nacionais e rexionais relacionadas directa e indirectamente coa esfera dos dereitos humanos.

A educación é outro importante medio de prevención dos abusos dos dereitos humanos xa que canto máis coñezan os seus dereitos é máis probable que as persoas loiten por eles e presionen os gobernos para que os respecten. É importante destacar a campaña mundial de información pública das Nacións Unidas para educar tanto as persoas como ós gobernos para concienciar as primeiras acerca dos dereitos que poseen e os últimos acerca das súas responsabilidades en relación a eses dereitos e como respetalos.

TRIBUNAL EUROPEO DOS DEREITOS HUMANOS

É un tribunal constituído en 1.950 polos países signatarios da Convención Europea dos Dereitos Humanos para previr posibles actividades opresivas por parte dos gobernos. Durante o período inmediatamente posterior a II Guerra Mundial, e sobre todo despois das atrocidades cometidas polo réxime da Alemaña nacionalsocialista, a maioría dos dirixentes europeos acordaron que era necesario crear algún tipo de organismo internacional que supervisara o trato que os cidadáns recibían nas súas nacións.

Na actualidade, practicamente todos os países que firmaron a Convención otorgaron ós seus cidadáns o dereito a dirixirse a este tribunal a título persoal, e a maioría dos casos xulgados nesta corte derivan de demandas entabladas por cidadáns particulares contra os seus propios gobernos.

O tribunal está composto por un xuíz de cada un dos países signatarios e reúnese na cidade de Estrasburgo.

A Convención protexe dereitos básicos tales como a liberdade de expresión, de reunión, de culto, a inviolabilidade do fogar e da familia e o dereito a debido proceso penal. Cada dereito está expresado en termos xerais e soe estar suxeito a unha serie de excepcións. Por exemplo: permítese que os gobernos recorten o dereito a liberdade de expresión para protexer a reputación do individuos ou as costumes. O Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos estableceu unha doutrina na virtude da cal cada goberno nacional ten un marxe

Tribunal Europeo de Dereitos Humanos

de apreciación a hora de determinar que medidas adoptar para defender os dereitos básicos e que excepcións son necesarias. Cada goberno ten a obrigaón de equilibrar os intereses concurrentes que envolven cada asunto legislativo: novamente, o dereito a liberdade de expresión e de non ser difamado por aqueles que exercen de liberdade de expresión. Este principio baséase no entendemento de que moitas cuestións planteadas en esta corte implican temas morales de gran complexidade e que é preferible deixar este tipo de decisións ós gobernos democráticos; so cando os estados exceden as súas funcións lícitas ou son incapaces de protexer adecuadamente estos dereitos debe intervir o Tribunal.

O Tribunal é asesorado pola Comisión Europea dos Dereitos Humanos. Este organismo determina se un caso debe chegar ata o Tribunal e intenta alcanzar un acordo amistoso.